

Mércores, 14 de abril de 2021

Núm. 69

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

**MUNICIPAL**

**RIBADUMIA**

**Recadación**

*COBRANZA DO PADRÓN SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM),  
COBRANZA 2021*

*APROBACIÓN E EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN  
MECÁNICA (IVTM) 2021*

*ANUNCIO*

*NOTIFICACIÓN COLECTIVA*

Por Decreto de data 06 de abril de 2020 aprobouse o padrón do Imposto sobre Tracción Mecánica correspondente ao ano 2021 do Concello de Ribadumia. A dita resolución é definitiva en vía administrativa.

O padrón fiscal exporase ao público nas oficinas municipais no prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, anuncio que ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Regulamento Xeral de Recadación. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinalo e formular contra os actos que se notifican, ante a Presidencia deste Concello, recurso de reposición previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón.

*ANUNCIO DE COBRANZA*

De conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, en relación co establecido nos artigos 23 o 25 do Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e o artigo 62 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, de 17 de decembro, ponse en coñecemento dos contribuíntes afectados, que o prazo de ingreso, en período voluntario, da taxa polos conceptos de imposto sobre vehículos de tracción mecánica correspondente ao ano 2021 será o comprendido entre o 15 de abril e o 20 de xuño de 2021, ambos inclusive, (ou o inmediato hábil posterior se aqueles foran festivos), no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora. Para os recibos domiciliados a data de cargo en conta será o día 10 de maio de 2021.

O imposto deberá satisfacerse a través das seguintes entidades bancarias: ABANCA, BANCO SABADELL e BANCO SANTANDER.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:CU16HM007DQBTZ1Q



Mércores, 14 de abril de 2021

Núm. 69

Transcorrido o prazo voluntario, os débitos impagados serán esixidos polo procedemento executivo, e devengarán os recargos do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se xeren, de conformidade co establecido nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Alcalde – Presidente. D. David José Castro Mougán

